

Rehabilitación de solos afectados por incendios forestais: busca de indicadores de severidade e técnicas de mitigación da erosión post-lume.

Tipo de proxecto: investigación

Entidad Financiadora: INIA (RTA 2007-00111-C02-01).

Entidades Participantes: CIF Lourizan. Universidad de Vigo.


Período: 2008 – 2010

Investigador principal: José Antonio Vega Hidalgo

Investigadores participantes: Pedro Pérez-Gorostiaga, M^a Teresa Fontúrbel Lliteras, Cristina Fernández Filgueira, Enrique Jiménez

Resumo: Estúdase un sistema de clasificación da severidade do lume no solo mediante signos visuais, comprobándose a efectividade deste sistema en base as alteracións das propiedades químicas, microbiolóxicas e enzimáticas do solo asociadas a distintos niveis de severidade do lume. Tamén se ensaiaron tratamentos de control da erosión post-incendio.

Palabras clave: Efectos ecolóxicos de incendios; rehabilitación e restauración de áreas queimadas; estabilización do solo; mulching; sementeira.



Desenvolveuse un sistema de clasificación de severidade do lume no solo, baseado en signos visuais, que resulta unha técnica sinxela e operativa de avaliación de áreas queimadas e, ademais, fiable. Isto último debido a que se comprobou a súa boa correspondencia có obtido mediante análises de propiedades químicas, microbiolóxicas e enzimáticas do solo queimado. Aínda que a selección de áreas críticas a rehabilitar non está baseada só en criterios edáficos, a dispoñibilidade dunha ferramenta deste tipo convértese nunha axuda moi útil para seleccionar as áreas máis críticas de actuación.

En canto aos tratamentos de control da erosión post-incendio cabe destacar que: O mulching de palla de trigo mostrou ser un instrumento eficaz de control da erosión post-incendio, sempre que sexa aplicado pouco despois do lume e antes das chuvias do inicio do outono. Aínda que aos nove meses da súa aplicación descendeu a súa capacidade de control da erosión, iso non resulta unha limitación importante de cara á súa utilización no clima chuvioso de Galicia, xa que case toda a erosión post-incendio se concentra nun tempo inferior a ese prazo, neste territorio. Por outro lado, clarificouse que a utilización de estela de pequeno tamaño, a dose media-baixa, e a construción de faxinas de matogueira cortada non constitúen técnicas eficaces de estabilización do solo queimado e, polo tanto, non parece recomendable a súa utilización.